

PEC

Proxecto Educativo de Centro

Aprobación

Claustro de profesorado: sesión do 3 de abril de 2002
Consello Escolar: sesión do 8 de maio de 2002

Instituto de Educación Secundaria Moncho Valcarce
As Pontes de García Rodríguez (A Coruña)

PROXECTO EDUCATIVO DO I.E.S. MONCHO VALCARCE

LIÑAS DE IDENTIDADE.

PRINCIPIOS FUNDAMENTAIS.

1.- Educación nos valores democráticos, partindo da consideración positiva da pluralidade existente nesta sociedade e con vontade de non adoutrinamento.

2.- Fuxir do dogmatismo no que se incorre coas posturas extremas e establecendo a tolerancia e o diálogo como os camiños para solucionar os problemas.

3.- Noso modelo educativo fundamentarase no profundo respecto ós dereitos humanos e o medio ambiente.

4.- Evitar o conflicto que xurde das diferencias discriminatorias entre sexos.

5.- Nos identificamos cunha liña metodolóxica activa dirixida a un aprendizaxe significativo que utiliza o entorno social económico e cultural dos alumnos/as e que asegura a súa participación no proceso educativo.

6.- Se prestará especial atención á subestima de calquera índole que os alumnos/as poidan sentir.

7.- As lingua de aprendizaxe serán o galego e o castelán, respectando sempre a lingua materna do noso alumnado

8.- Facer efectiva a participación de todos os membros da comunidade educativa na xestión institucional, canalizándoa o través dos representantes elixidos de cada un dos estamentos. Se favorecerá deste xeito o traballo asociativo de pais, profesores, alumnos e persoal subalterno para que a información chegue a todos e sexan consensuadas as solucións.

OBXECTIVOS

1. OBXECTIVOS PEDAGÓXICOS.

1.1.- Favorecer os procesos interdisciplinares e de aprendizaxe significativa.

1.2.- Impulsar hábitos de traballo

1.3.- Desenvolver actitudes críticas ante os medios de comunicación sociais.

1.4.- Responder, na medida do posible, ás medidas de cada alumno/a.

1.5.-Potenciación e funcionamento dun gabinete de orientación onde se preste especial atención á orientación escolar e vocacional.

1.6.-Promover actividades extraescolares dirixidas á mellora a relación coa sociedade (visitas, excursións, etc).

1.7.-Avaliación do centro por todos os sectores da comunidade educativa coa periodicidade oportuna para introducir as variantes precisas na mellora da calidade do encino.

1.8.- Elaborar unha memoria anual avaliadora do grao de consecución dos obxectivos elixidos no Plan Anual de Actuación.

1.9.- Potenciar o coidado e responsabilidade do material do centro entre os alumnos/as.

1.10.- Promover o uso en igualdade das dúas linguas oficiais (galego e castelán), prestando unha maior atención á normalización do galego en todas aquelas actividades que se levan a cabo no centro (conferencias, anuncios, actas, carteis, etc.)

2. OBXECTIVOS DO ÁMBITO HUMANO

2.1.-Impulsar a existencia de vías de participación na xestión do centro.

2.2.-Executar xunto ca A.N.P.A un programa de actividades culturais.

2.3.-Tramitación por parte do Consello Escolar e a Dirección do centro das xestións precisas para satisfacer as carencias de infraestructura detectadas, dando prioridade á aquelas que supoñan a supresión de barreiras arquitectónicas.

2.4.- Facilitar a participación do profesorado nas actividades de formación.

2.5.-Impulsar a participación efectiva de pais/nais e alumnos/as na marcha do centro a través dos órganos de representación competentes.

2.6.- Buscar o compromiso de todos os membros da comunidade escolar no control da disciplina e na conservación das instalacións e materiais do centro.

2.7.- Potenciar a negociación como via de resolución de conflictos.

2.8.- Fomentar os hábitos democráticos e o coñecemento das leis.

3. OBXECTIVOS NA RELACIÓN CO ENTORNO.

- 3.1.- Impulsar o establecemento de convenios con outros centros , co Concello, empresas, asociacións, etc.
- 3.2.- Promover a formación de grupos e a organización de actividades culturais e sociais.
- 3.3.- Facilitar o uso das instalacións do centro para actividades sen ánimo de lucro.
- 3.4.- Intensificar e vitalizar a relación de noso instituto co entorno.